

ADDENDA SEGUNDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E O CONCELLO DE FERROL PARA A XESTIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR EN DEZ CENTROS EDUCATIVOS RADICADOS NO CONCELLO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,
DECLARA:

Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional formalizou co Concello de Ferrol o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue os cursos escolares 2025-2026 e 2026-2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Ferrol para a xestión e organización do servizo de comedor escolar no CEIP Almirante Juan de Lángara y Huarte, código de centro 15021858, CEIP Cruceiro de Canido, código 15006663, CEIP Recimil, código 15006699, CEIP Isaac Peral, código 15006845, CEIP Manuel Masdias, código 15021834, CEIP San Xoán de Filgueira, código 15021846, CEIP Esteiro, código 15024938, CEIP Pazos, código 15024227, CEIP de Ponzos, código 15026960 e CEIP A Laxe, código 15024941, radicados neste concello.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

O Concello de Ferrol, dadas as súas características xeográficas e sociodemográficas, é o concello no que están radicados o CEIP Almirante Juan de Lángara y Huarte, CEIP Cruceiro de Canido, CEIP Recimil, CEIP Isaac Peral, CEIP Manuel Masdias, CEIP San Xoán de Filgueira, CEIP Esteiro, CEIP Pazos, CEIP de Ponzos e CEIP A Laxe, e polo tanto, trátase da Administración Pública máis próxima ás comunidades educativas destes centros.

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública ao estar motivado por razóns de interese social, xa que o servizo educativo de comedor escolar ten un carácter complementario, compensatorio e social, especialmente destinado a garantir a efectividade da educación obrigatoria dentro dos principios de igualdade e solidariedade.

Así mesmo, concorre nestes centros de ensino público radicados no concello unha problemática singular, non extrapolable a centros educativos existentes noutros concellos galegos, dada a demanda e necesidades esgrimidas pola comunidade educativa no sentido de que este recurso



educativo complementario sexa xestionado a través do concello para os cursos 2025-2026 e 2026-2027.

No caso do referido expediente, escóllese a fórmula que se adapta ás especificidades das actividades concretas a desenvolver polo Concello de Ferrol, o cal solicitou expresamente a colaboración da Administración Autonómica, en razón ás circunstancias previas de xestión do comedor escolar do CEIP Almirante Juan de Lángara y Huarte, CEIP Cruceiro de Canido, CEIP Recimil, CEIP Isaac Peral, CEIP Manuel Masdias, CEIP San Xoán de Filgueira, CEIP Esteiro, CEIP Pazos, CEIP de Ponzos e CEIP A Laxe, radicados neste concello, logo de obter previamente o acordo coas respectivas ANPAS sobre a xestión municipalizada dos servizos, circunstancia que determina o específico tratamento articulado mediante esta addenda segunda ao convenio de colaboración, a asinar entre a consellería e o concello.

Por outra banda, esta proposta está contemplada na planificación anual efectuada pola Secretaría Xeral Técnica da consellería, fundamentada en asinar convenios para a xestión de comedores escolares con todos os concellos que o solicitaron, e cumpre todos os criterios obxectivos para a súa concesión.

A elección do procedemento de concesión directa das axudas, previsto na normativa vixente en materia subvencional, pertence indiscutiblemente ao ámbito competencial propio do órgano xestor. Efectivamente, soamente corresponde ao xestor elixilo por razóns de oportunidade en razón ás situacións dadas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non se poden satisfacer axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, nin mediante outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que así conste, asino esta memoria en Santiago de Compostela, na data e hora sinaladas na sinatura electrónica

